



BAÍA EDICIÓNS



II PREMIO FINA CASALDERREY

DE LITERATURA INFANTIL POLA IGUALDADE

Co motivo da celebración do 8 de marzo, para promover a educación en igualdade e como homenaxe a todas as persoas que fixeron a aposta de escribir literatura infantil non sexista, Baía Edicións convoca o **II PREMIO FINA CASALDERREY de literatura infantil pola igualdade**, que se rexerá polas seguintes

BASES:

Primeira

Poderán concorrer ao premio autoras e autores de calquera nacionalidade que presenten os orixinais escritos en lingua galega conforme á normativa vixente.

As obras deberán atender ao concepto de literatura infantil inclusiva en calquera dos seus aspectos, introducindo elementos críticos que cuestionen o modelo social sexista dominante.

Segunda

As obras a concurso deben ser orixinais, inéditas e non premiadas. O feito de participar implica o compromiso de non optar a outros premios coas mesmas obras mentres non se resolva este, compromiso que se estenderá máis aló da resolución de resultar gañadora.

Terceira

O orixinal, que se publicará como álbum ilustrado, non deberá exceder os 5.000 caracteres (espazos incluídos). Enviarase xunto con seis copias en papel, mecanografadas a dobre espazo e debidamente encadernadas a:

BAÍA EDICIÓNS

Polígono Pocomaco, 2.^a Avenida. Parcela A2/52.

15190 A Coruña.

O prazo de envío de orixinais remata o 8 de abril de 2019.

Cuarta

Con cada orixinal, que deberá ser presentado baixo lema e sen ningún tipo de dato que identifique a súa autoría, xuntarase, en sobre pechado, o nome completo, enderezo, teléfono e correo electrónico da autoría, así como o título da obra indicando no mesmo: Premio FINA CASALDERREY 2019.

Quinta

O premio, que poderá quedar deserto se a calidade das obras non fose estimábel, considerará unha única obra gañadora, á que se lle asigna unha dotación económica de **5.000 euros**.

A obra premiada será publicada por Baía Edicións de conformidade cos seus contratos de edición. Os cinco mil primeiros exemplares vendidos estarán libres do pagamento de dereitos de autoría.

A autoría da obra premiada comprométese a participar nos actos de promoción que organice a editorial.

Sexta

O xurado está composto por cinco persoas de recoñecido prestixio, unha delas da propia editorial, que actuará, asemade, como secretaria.

Sétima

A resolución do xurado darase a coñecer o 17 de maio de 2019.

Oitava

As obras non premiadas non serán devoltas pola editorial.

Novena

A participación nesta convocatoria presupón a aceptación das presentes bases, así como das decisións do xurado, que serán inapelábeis.